



II Xornadas

**MULLER e
IGUALDADE
Rede
Museística
Provincial**

**“A ARTE DE SER
MULLER NUN MUNDO
POR COMPARTIR”**

MARZO

2011

Coordina:
Encarna Lago
Xerente da Rede Museística Provincial



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

A ARTE DE SER MULLER NUN MUNDO POR COMPARTIR: PERSPECTIVAS DE XENERO SOBRE PATRIMONIO CULTURAL E MUSEOS

O oito de marzo serviu para visibilizar as loitas e demandas que significaron avances na vida de millóns de mulleres creando novas formas de pensamento. Dende a Área de Cultura da Deputación de Lugo, a traves da Rede Museística, decidimos organizar unha programación con distintas experiencias, compartindo sempre un obxectivo en común: o desexo de superar a violencia e a pobreza e construír o mundo que queremos. Baseado na paz, xustiza, liberdade, igualdade e solidariedade.

Por segundo ano consecutivo tres dos Museos da Rede Museística (Museo San Paio de Narla, Museo Pazo de Tor, Museo Provincial do Mar) seguindo a programación estratéxica presentada pola Xerencia en xullo do 2007 na Deputación Provincial de Lugo. E tendo en conta o sinalado na Lei Orgánica 3/2007, que establece no seu artigo 26.2 que os distintos organismos, entes e demais estruturas das administracións públicas que, de modo directo ou indirecto, configuran o sistema de xestión cultural desenvolverán as seguintes actuacións:

- 1.- Adoptar iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa.
- 2.- Políticas activas de axuda á creación e produción artística e intelectual de autoría feminina.

Para levar a cabo os seguintes obxectivos, preparamos un amplo programa para o mes de marzo, que xirará en torno as perspectivas de xénero sobre patrimonio cultural e museos.

PROGRAMA

ITINERARIO FEMININO POLA REDE: PEZAS E LENDAS DE MULLERES.

Visitas guiadas nun percorrido en feminino polas coleccións dos museos de San paio, Tor e Museo do Mar os días **5, 8, 12, 19, 26** de marzo as doce da mañá.

II XORNADAS MULLER E IGUALDADE: PERSPECTIVAS DE XÉNERO SOBRE PATRIMONIO CULTURAL E MUSEO:

DIA 8 ás 5 da tarde no Museo de San Paio de Narla: MULLER E DEREITOS

- O traballo co enfoque de xénero de Implicadas. Xénero e cooperación.
- Presentación da Campaña de 1de200, de erradicación do infanticidio infantil en Salem (unha manifestación da violencia de xénero).
- Muller e inmigración, emigración.
- Exposición de obra de Carlos Valcárcel referente a muller e o seu entorno.

(a presentación da campaña será con videos e reflexións guiadas)

DIA 12 ás 5 da tarde no Museo de San Paio de Narla: ENFOQUES DA MULLER CO PATRIMONIO CULTURAL E UN MUSEO DO ETNOGRÁFICO: Museo, Muller e Agricultura.

Reunión de mulleres en torno á colección etnográfica para falar da memoria da muller no mundo rural.

DIA 19 ás 5 da tarde no Pazo de Tor: MULLER NA HISTORIA, HISTORIA DE MULLERES: PRESENCIA VS. AUSENCIA.

Conferencia e obradoiro sobre creatividade feminina en Tor.

- Inauguración da mostra: "**Os meus ollos, as túas mans**" en Tor:

Conformada por un conxunto de ilustracións coa temática do xénero e a pobreza. Plasma a visión (ollos) sobre a cooperación das voluntarias de IMPLICADAS, plasmada polas mans de varias ilustradoras.

DIA 26 ás 5 da tarde no Museo do Mar de San Cibrao ENFOQUES DA MULLER CO PATRIMONIO CULTURAL E UN MUSEO DO MAR: (Reunión de mulleres para falar da memoria da muller no mundo do mar)

- Exposición de obra de Carlos Valcárcel referente a muller e o seu entorno.

Os participantes en todas as xornadas recibirán un certificado de asistencia de 12 horas.

Ademais seguindo o programa didáctico para escolares sobre igualdade, faremos entrega de material didáctico a todos os grupos escolares que visiten os museos, e proxectaremos un video antes de todas as actividades escolares.